



Vedra é Muller



## MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
ENTROIDO ESCOLAR						
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

### WIFI GRATUÍTO EN VEDRA!!

#### ■ LEMBRA...

Podes acceder a un servizo de WIFI gratuíto nos seguintes edificios públicos do Concello de Vedra:



- A Casa do Concello.
- O Centro Socio Cultural de Vedra.
- O Centro de Emprendemento "A Estación" en Santa Cruz de Ribadulla.
- A Reitoral de Ponte Ulla.

O único que tes que facer é achegarte a un deles e conectarte á rede "WiFi4EU".

### CONTINÚA A INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ Benefíciate deste servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra.

DATA EN MARZO: O MARTES 18. Obrigatorio asistir con reserva da cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).



**IMPORTANTE:** Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

## SABÍAS QUE...

### ■ VEDRA MULTA POLA COLOCACIÓN INDEBIDA DE CARTEIS ANUNCIADORES?

Co obxecto de regular en Vedra a xestión dos residuos e as condicións para a promoción e mantemento da limpeza, salubridade e ornato das vías e espazos públicos e privados do termo municipal, naceu a ordenanza que a establece que regula sancións que poden ir dos 90 € aos 1000 €.

Coa primavera xa ás portas lembramos da importancia de cumprir

a normativa desta ordenanza municipal, pois por desgraza seguen a ser demasiadas as ocasións nas que o ornato e a imaxe pública se ven deteriorados pola irresponsabilidade de quen non respecta nin esta ordenanza nin a limpeza da nosa contorna.

En relación á colocación de **CARTEIS ANUNCIADORES**, recordamos que existen lugares específicos para eles, e que está totalmente prohibido colocalos en marquesinas, colectores ou sinais de tráfico.



O concello de Vedra lembra que dito incumprimento pode conlevar multas de ata 300 € e que actuará no caso de que se atopen imaxes como as da fotografía.



A XIV BTT Cicloturista da Camelia polo Val do Ulla, co Club Ciclista Ribadoulla. Na mañá do domingo 2 de febreiro percorreron Vedra ata 400 ciclistas que gozaron da paisaxe e do deporte.



A charla "A Camelia no paisaxismo en Galicia" co doutor en investigación agraria e forestal, Gaspar Bernárdez.



Inauguración das XXIX Xornadas da Camelia coa subdelegada do goberno na Coruña, María Rivas López.



Entrega de agasallos do Concurso de Pintura Infantil a Camelia.



Mostra ao Vivo "A esencia artística da camelia".



A IX Carreira pola Montaña "A Camelia" do Club de Montaña Vértice, fixo que o segundo domingo de febreiro brillara con preto de 700 deportistas participando nas súas múltiples probas e categorías.



Encontro artístico "Muller e Camelia" coordinado por Delio Sánchez. Os resultados foron expostos na Xornada da Camelia.



Entrega de agasallos de participación para as mostras de Flor e Ornamentación con camelia.



Actuación de Pathy Dhifusa.



Actuación da Coral Polifónica Santa Cruz de Ribadulla.



Acto inaugural coa Escola de Música no Acto de Promoción da Camelia no Outlet Área Central.



Degustación de Té da Camelia no Outlet Área Central.



Obradoiro Creativo da Camelia no Outlet Área Central.



Feira de Artesanía da Camelia no Outlet Área Central.



Sesión da Escola de Saúde sobre atragantamentos e asfixia impartida por Cruz Vermella.



Visita da Asociación do IV Ciclo da USC a Vedra.

## ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Festa das Candeas en Santa Cruz de Ribadulla.



Presenza de Vedra no Consello de Goberno da Rede de Ciudades polo Clima reunida en Madrid.



Festa de Entroido e Laconada da Comisión de Vedra.



Entroido da Unión Carnavalesca de Vilanova.

## XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

Enderezo electrónico: [rexicivildvedra@xustiza.gal](mailto:rexicivildvedra@xustiza.gal)

## REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría ou mal funcionamento dos farois led que iluminan o noso municipio, chama ao teléfono 699 304 702.



## RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e pide que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

## PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso Servizo de Punto Limpo situado no lugar de Fornelos, Vedra.



HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

# Cultura

## ENTROIDOS DE XENERAIS DA ULLA NO MES DE MARZO EN VEDRA

■ **SÁBADO 8 DE MARZO: ENTROIDO EN SAN XIÁN**

Percorrido pola parroquia ao longo do día. A partir das 19:00 horas atranque no campo da festa.

Organiza a comisión de festexos.

**ENTROIDO  
SAN XIÁN DE  
SALES**

Sábado **8**  
Marzo  
**2025**

SAÍDA DO CAMPO DA FESTA AS 10:30H  
XENERAIS, CORREOS, COROS E COMPARSAS.  
ATRANQUES A PARTIR DAS 19:30H  
CONTINUAREMOS CON  
**DÚO DILEMA**

**Importante:** Os que queiran participar cunha comparsa deben chamar ao teléfono 628831212. Todos os vehículos a motor terán que ter os seus correspondentes seguros para poder participar no entroido.

■ **DOMINGO 9 DE MARZO: ENTROIDO EN TROBE**

Volve a esta parroquia esta celebración de tan fonda tradición que percorrerá toda a parroquia e que rematará no campo da festa ás 19:00 horas para escoitar con atención os agardados atranques.

**ENTROIDO  
TROBE**

CORO DE BONITO E  
PARRANDA DE VELLO,  
CORREOS E XENERAIS...  
CANTICOS, VIVAS  
E MOITAS SORPRESAS...

**DOMINGO  
9  
Marzo**

**XENERAIS  
DA ULLA**

ATRANQUES  
AS 19:00 H.  
no conorno do Local Multiúsos

Percorrido por toda a parroquia a partir das 11:30 h.  
Punto de encontro: Local Multiúsos

Organiza:  
A.C. e de  
Festexos de  
Trobe  
"Virxe do Carme"

Colabora:  
Concello  
de Vedra

## EN MARZO REMATA A PROGRAMACIÓN ARREDOR DAS XXIX XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

### ■ OBRADOIRO DE XABÓNS CON ACEITES DE CAMELIA

- **Data:** O sábado 15 de marzo ás 17:00 horas.
- **Impartido por** Eva María Castiñeiras.
- **Inscripcións abertas** dende o 25 de febreiro na web municipal.
- **Consultas e máis información** no 981 814 691.



### ■ EXCURSIÓN – SAÍDA A PADRÓN

Visita á Casa- Museo de Rosalía de Castro, Xardín Botánico, Exposición da Camelia e do Bonsai de Padrón.

- **Inscripcións dende o 1 de marzo** na web municipal.
- **Consultas e máis información** no 981 814 691.



# Medio Ambiente

## CAMPAÑA DIVULGATIVA: OS BOLECHAS E O REFUXIO DE BANDO

■ Vedra propuxolle á súa comunidade educativa esta acción de conciencia sobre a responsabilidade na tenza de animais de compañía.

Para iso a directora do Refuxio de Bando, Olalla García, e dous dos seus voluntarios visitaron O CPI Plurilingüe de Vedra, o CEIP de Ortigueira e ao CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas", acompañados polo al-



calde de Vedra repartiron entre a comunidade escolar o libro de Os Bolechas.

Durante esta visita ademais de coñecer de primeira man a labor que se realiza no Refuxio o alumnado puido coñecer ás peludas, Megan e Perla, dúas dos máis de cincocentos animais que seguen esperando un fogar en Bando.

Dende esta publicación queremos agradecer ao Refuxio de Bando pola gran labor que realizan. Moi especialmente á súa directora Olalla García e aos voluntarios María e Iván por achegarse a Vedra e contar con tanta implicación e interese o voso traballo.

Por suposto agradecer tamén á nosa comunidade educativa por responder con tan boa vontade en interese a esta iniciativa.



## PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA. EN VEDRA RESIDUOS KMCERO

■ Este proxecto pretende chegar a todos os domicilios vedreses que contengan un terreo para a práctica da compostaxe doméstica, promovendo así a mellora da separación selectiva dos biorresiduos e a súa reutilización como recurso para alimentar os nosos solos.



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Dende o concello de Vedra queremos chegar a todas as familias do municipio, por iso pomos á disposición

da veciñanza os medios materiais e humanos necesarios para realizar unha compostaxe de calidade.


Se tes interese en comezar a compostar podes solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a [residuoskmcero@concellodevedra.gal](mailto:residuoskmcero@concellodevedra.gal) indicando os teus datos (nome completo, DNI, dirección, teléfono e correo electrónico), amais recibirás:

- **Formación** específica en compostaxe.
- **Seguimento** personalizado realizado por un/ha mestre/a composteiro/a.
- **Asesoramento** profesional a través do teléfono da compostaxe (*dispoñible para persoas usuarias do proxecto, de luns a venres de 16:00 a 20:00 horas*).

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.



# Deporte



## SENDEIRISMO. NOVA ETAPA O SÁBADO 15 DE MARZO

■ **Percorrido:** Dende Cerveira ata Camiña (15,50 km).

Ollo aos horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas
- Parada no Breixo ás 07:45 horas
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas



Inscripcións e información antes do 10 de marzo no teléfono 981 814 691.

# Xuventude



## CURSO DE MONITORADO DE TEMPO LIBRE

■ Se es de Vedra inscíbete con desconto nesta formación homologada pola Xunta de Galicia.

- **Datas:** Dende o 15 de marzo ata o 20 de abril (nas

sesións indicadas no cartel).

Inscíbete XA ou consulta as túas dúbidas no teléfono 981 814 691 ou no mail [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal).

## IMPORTANTE... LEMBRA!! PRAZO DE SOLICITUDES PARA A EIM MUNICIPAL (GARDERÍA) NO CURSO 2025/2026. ABERTO DO 1 AO 31 DE MARZO 2025 (ambos incluídos)

■ Estará aberto o prazo de solicitudes de renovación e novo ingreso para a escola infantil municipal de Vedra para o **vindeiro curso escolar 2025/2026**. Poderán solicitar praza as crianzas con idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos. O ingreso na escola só se poderá realizar unha vez cumpridos os 3 meses. O curso escolar comezará o día 1 de setembro de 2025.

### Documentación:

**Alumnado de RENOVACIÓN:** formulario de renovación da praza e declaración de IRPF do exercicio fiscal 2023 de ambos proxenitores.

### Alumnado de NOVO INGRESO:

- Formulario de solicitude de praza.
- DNI de ambos proxenitores.
- Libro de familia ou certificado de inscrición do nacemento no Rexistro Civil.
- Declaración de IRPF do exercicio fiscal 2023 de ambos proxenitores.
- Acreditación da situación laboral de ambos proxenitores (última nómina, xustificante de pago de autónomos, xustificante de pensións ou prestacións públicas, demanda de emprego).
- Certificado de padrón colectivo, no suposto de fa-

milias empadroadas noutro concello.

- Título de familia numerosa, de ser o caso.
- Título de familia monoparental, de ser o caso.
- Sentenza de separación, divorcio ou nulidade e documento convenio regulador, de ser o caso..
- En caso de circunstancias especiais ou excepcionais, xustificante que as acredite.

### Lugares de presentación das solicitudes:

- Sede electrónica do concello de Vedra:
- Presencialmente, no rexistro xeral do concello de Vedra, en horario de 9:00 a 14:00 horas.
- En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

### Máis información:

- Departamento de servizos sociais comunitarios: 981 814 693.
- Regulamento de réxime interno (BOP A Coruña núm. 185, do 25.09.2024 e núm. 214, do 06.11.2024)
- Ordenanza fiscal (BOP A Coruña núm. 36, do 24.02.2021 e núm. 185, do 25.09.2024).
- Na web municipal [www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal)

## LUDOTECA MUNICIPAL

■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Corresponsables, no que o desenvolvemento da igualdade e a conciliación é o punto de referencia, no mes de marzo centrarémonos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas ademais da realización de distintos talleres e obradoiros, continuando co proxecto "Xogando polo mundo", trasladarémonos nesta ocasión a México.

- Obradoiro emocional: "somos iguais pero diferentes".
- Miúdos/as artistas: Viva México!!
- Compañeiros/as de xogo: Xogo en gran grupo.
- Superchef.
- Taller musical: "Rancheiras".

**Horario da Ludoteca: De luns a venres de 14:30 a 20:00 horas (agás festivos)**



XUNTA DE GALICIA CORRESPONSABLES Concello de Vedra

## INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.





## AXENDA DE ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE NO MES DE MARZO

### ■ Programa Camiños de Coñecemento e Experiencia da USC.

O obxectivo principal deste programa é: favorecer a democratización do coñecemento potenciando e difundido o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos.

**5 e 12 de marzo:** Historia da fotografía: unha viaxe desde a cámara escura ata a era dixital. Responsable da docencia: Katia

Cino Rouco.

**6 e 7 de marzo:** muíños e pontes no río Ulla. Responsable da docencia: D. Henrique Neira Pereira.

**10 e 11 de marzo:** poda de árbores froiteiros, forestais e ornamentais. Responsable da docencia: D. José Rial Budiño.

Horario: de 16:00 a 17:30 h.

Para máis información e inscricións: 981 814 695 – 981 502 024

### ■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

**Mércores 26 de marzo.**

**Prezo: 30 €** (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

**Programa:** pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 17 de marzo de xeito presencial na cafetería do centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adjudicáranse por orde de inscrición).

### ■ Bingo

Xoves 27 de marzo ás 20:00 h.



**OLLO!!**  
**ABERTO O SERVIZO DE CAFETERÍA**  
**NO CENTRO SOCIAL DE LUNS A**  
**VENRES DE 17:00 A 21:00 H.**

## Muller



## EN MARZO VEDRA É MULLER

■ O Día Internacional da Muller, 8 de marzo, é unha data que se celebra en todo o mundo. Un día no que as mulleres de todos os continentes, a miúdo separadas por fronteiras nacionais e diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais, económicas e políticas, únense para gritar en prol da igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento.

Neste sentido, desde a Concellaría de igualdade trabállase por lograr a igualdade e a emancipación das mulleres no concello, unha igualdade que sexa efectiva e real. Un traballo que se desenvolve ao longo de todo o ano.

Cada ano realízanse diversos actos de sensibilización ao redor do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, sobre a desigualdade que sofren as mulleres.

Algunhas das actividades que se realizarán no mes de marzo:

### ■ III Andaina no camiño da Igualdade

**Domingo 16 de marzo.** Saída Área Recreativa de Agronovo ás 9:30 h. e chegada á Carballeira de Sucira. Inscrición gratuíta.

**ANDAINA**  
**TEATRALIZADA**  
**16 MARZO**

**8M** NO CAMIÑO  
**da igualdade**

- SAÍDA - ÁREA DE RECREO AGRONOVO (VEDRA)
- HORA - 9:30
- CHEGADA - CARBALLEIRA DE SUCIRA (BOQUEIXÓN)
- 12KM

● PRAZAS LIMITADAS  
● INSCRICIÓN GRATUÍTA  
● ATA O 12 DE MARZO  
● ÁS 14:00H  
● BOQUEIXÓN 981513106  
● VEDRA: 699041486  
● OU FORMULARIO WEB



Inclúe autobús de regreso, bocadillo e agasallo!





■ O día 8 de marzo ás 11:00 h. previamente ao acto institucional **plantarase unha camelia pola igualdade**, coa correspondente placa, este ano na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla.

■ **Acto de recoñecemento Vedra é Muller. Este ano dedicado ás Mulleres da Banda de Música de Santa Cruz, Mulleres na Música.** O 8 de marzo ás 12.00 h., seguido do Acto institucional, rematando coa lectura do manifesto, na Casa do Concello.

■ **“Nós facemos historia, Mulleres visibles aquí e agora”.** Imos contar con 31 mulleres do concello de Vedra, as súas historias, proxectos e percorridos vitais diferentes para representar a diversidade de mulleres e poñer en valor o papel incuestionable que somos no noso concello, coa vosa imaxe e un pequeno texto das vosas vidas, profesión, afeccións, coidados... Dedicamos un día a cada unha de vós no mes de marzo.

■ **Xincana Familias pola Igualdade.** Pretende ser un punto de encontro lúdico-formativo para as diferentes familias do concello, onde poder interactuar e relacionarse, tanto nais, fillas e fillos, pais, avoas, persoas titoras, avós, etc. A temática que vertebra a xincana é a educación en valores igualitarios e como incorporar a igualdade de xénero no seo dos núcleos familiares.

Tratando de xerar contornas igualitarias que axuden a construír un concello libre de desigualdades de xénero.

Todo iso, realizarase nun ambiente lúdico onde tanto menores como persoas adultas poidan xogar de forma cooperativa e intercambiar experiencias de crianza. Tecendo así, sinerxías de axuda mutua, cooperación e interrelación entre as persoas asistentes.

Esta actividade pretende promover un espazo de sensibilización interxeneracional, respecto á igualdade de xénero, dereitos, responsabilidades e oportunidades das mulleres, os homes, as nenas e os nenos. Todo isto a través de xogos por equipos familiares co obxectivo de conseguir o distintivo “familia igualitaria”.

- Día 22 de marzo ás 10:00 h. diante do pavillón polideportivo.
- Data límite de inscrición luns 17 de marzo ás 14:00 h.

É necesario inscribirse para poder participar na xincana a través do seguinte formulario:  
<https://forms.gle/ChnUKhx58vY4h8Hu6>

A inscrición é gratuíta. Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.gal teléfono 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14.00 h.

■ **Taller formativo: Eu son punto violeta. 25 de abril ás 19.00 Horas no centro de emprendemento a estación.** Dirixido a persoas voluntarias para colaborar nos puntos violetas nas festas do concello de Vedra. As violencias machistas están presentes na vida das mulleres como parte da cultura de lecer da sociedade patriarcal na que vivimos, sendo moitas delas percibidas como normais e inevitables por unha parte da poboación. Propoñemos esta formación para colaborar nos puntos violetas. Formaremos en recursos tanto materiais como humanos necesarios, así como as pautas de actuación das persoas que se atopen nestes puntos. Pretendemos responder á necesidade de sensibilizar, concienciar e formar aos membros da comunidade sobre a violencia sexual, sobre a súa prevención e sobre a atención de persoas en situacións de calquera tipo de violencia sexual. Estableceranse as pautas de actuación das persoas que colaborarán cos puntos violeta en tres eixos fundamentais: prevención, sensibilización e intervención.

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.gal teléfono 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 h.



## Ximkana Familias pola Igualdade

Esta actividade pretende promover un espazo de sensibilización interxeneracional, respecto á igualdade de xénero, dereitos, responsabilidades e oportunidades das mulleres, os homes, as nenas e os nenos. Todo isto a través de xogos por equipos familiares co obxectivo de conseguir o distintivo “familia igualitaria”.

**DÍA 22 DE MARZO ÁS 10 HORAS DIANTE DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO-  
DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN LUNS 17 DE MARZO ÁS 14.00 HORAS**



É necesario inscribirse para poder participar na Ximkana a través do seguinte formulario OU CÓDIGO QR: <https://forms.gle/ChnUKhx58vY4h8Hu6>  
A inscrición é gratuíta  
Para máis información:  
carmen.sabio@concellodevedra.gal  
telf. 699041486 ou 981 814693  
de 9 a 14.00 horas






## TEATROFILIA 2025. XX Mostra de Teatro Amador de Vedra coa Asociación Cultural Papaventos

- **Lugar:** Centro Social de Vedra.
- **Prezos:** Entrada por función a 3 €. Bonos para todas as funcións 10 €.
- Cativada menor de 12 anos gratis.

### PROGRAMA:

1ª fin de semana: 14, 15 e 16 de marzo.

- **Venres, 14/mar ás 21:30 h.:** "Paripé" (TP) O Catre Teatro (As Pontes)\*.
- **Sábado, 15/mar ás 20:30 h.:** "Miles Gloriosus" (+12) Teatro Muxicas (ONCE Ourense) con visita táctil para público con discapacidade visual ás 20:00 h.
- **Domingo, 16/mar ás 19:30 h.:** "A visita" (+16) Grupo municipal de teatro de Ames.

2ª fin de semana: 21, 22 e 23 de marzo.

- **Venres, 21/mar ás 21:30 h.:** "Fraktal" (+12) Ska-Rnio escénico (Rianxo).
- **Sábado, 22/mar ás 20:30 h.:** "Sobre o mal que fai o tabaco" (+12) Escola municipal de artes escénicas da Estrada.
- **Domingo, 23/mar ás 19:30 h.:** "Nanai da China" (infantil) Pérez & Fernández (A Coruña)\*

3ª fin de semana: 28, 29 e 30 de marzo

- **Venres, 28/mar ás 21:30 h.:** "Un tranvía chamado desexo" (+12) Sencancelasteatro (Santa Comba).
- **Sábado, 29/mar ás 20:30 h.:** "A Besta da illa" (+12) Damecuerdaqueteatro (Pontedeume).
- **Domingo, 30/mar ás 16:00 h.:** Tarde infantil:
  - "As laranxas ao noso xeito" Xs Papaventiñxs (Vedra)
  - "Mariñeiros" Escola de Sarandón (CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas")

E ás 18:00 h.: Roteiro "Pepa a loba" (TP) Andaravía Teatro (Vedra)

4ª fin de semana: 4 e 5 de abril

- **Venres, 4/abr ás 21:30 h.:** "O latricar de Vedra" (+12). Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.
- **Sábado, 5/abr ás 20:30 h.:** "Croquetas" (TP) Agrupación Teatral Mariñán (Betanzos).

\*Dentro da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

A hora fixada no cartel é a de comezo da función. As portas abriranse 15 minutos antes.

## PROGRAMACIÓN ASOCIACIÓN 3ª IDADE DO BURGO

- **Sábado 1 de marzo,** excursión á Festa da Arribada en Baiona.
- **Domingo 23 de marzo,** xantar e baile, no Hotel Congreso.
- **Luns, 7 de abril,** excursión á feira de Ponte de Lima en Portugal.



Festa de Entroido da Asociación Terceira Idade O Burgo.

## FEIRA DE ENTROIDO EN PONTE ULLA NA MAÑÁ DO DOMINGO 23 DE MARZO

- A Comisión de Festexos O Cruceiro da Ulla organiza esta cita especial con produtos típicos do Entroido e a colaboración de Xulián de Lestedo e a súa máquina das filloas.

Ás 13:00 horas: Actuación da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Non te perdas esta cita, achégate ao Campo da Festa da Ulla!!

### III FEIRA DA *Filloa* en Ponte Ulla



GRATIS

Coo consumo


Máquina das filloas de Xulián!

Domingo  
23 Marzo




Prezo  
antigo

Polbo á Feira



Prezo  
antigo

Ración de ORELLA



13:00h

BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE  
SANTA CRUZ DE RIBADULLA



Prezo  
antigo

Chourizo á brasa



## X DUATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS. CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DUATLON CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS CO CLUB OLIMPICO DE VEDRA O 15 DE MARZO

■ O próximo sábado 15 de marzo celebrarase a décima edición do Duatlón de Vedra, que será por noveno ano consecutivo Campionato Galego da modalidade contra o reloxero por equipos da Federación Galega de Triatlón.

A pista de rodadura de Vedra será o epicentro onde perto de cincocentos deportistas loitarán polo título de Campións Galegos percorrendo a pé e en bicicleta o xa coñecido circuito desta proba, entre eles os nosos triatletas dispostos a transmitirnos a súa boa enerxía e facernos disfrutar do

deporte en directo un ano máis!

### AVISO CORTES DE TRÁFICO

Obtendo o informe favorable da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña o sábado 15 de marzo, entre as 14:30 h. e as 19:30 h. as seguintes estradas do concello estarán cortadas ao tráfico.

- **Vías afectadas:** DP-8203 dende Trobe a a Avda do Mestre Manuel Gómez (núcleo urbano) ata o Terrón (cruce coa L-45) e dende aí por esa estrada local L-45 ata o lugar de Cornado- San Fins de Sales.



## CHARLA DA ESCOLA DE FAMILIAS DO CPI DE VEDRA

- Luns 3 de marzo ás 19:00 horas na Biblioteca Municipal. "Acompañar na práctica do deporte: a psicoloxía deportiva"

Co psicólogo deportivo Iago López Roel, a ANPA do CPI de Vedra ofrecerá consellos e técnicas sobre como acompañar aos nosos fillos e fillas na práctica deportiva, como motivalos, o afrontamento das competicións, a prevención da violencia, os abandonos...

## ACTIVIDADE ERRADICA DA ASOCIACIÓN AMABUL O SÁBADO 22 DE MARZO

**Cando?** 22 Marzo \_ 10:00 horas

**Onde?** Área Recreativa de Agronovo Vedra

**Como?** Xornada de control, seguimento e eliminación da flora exótica invasora na ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza

Máis información e inscricións en [www.amabul.org](http://www.amabul.org)

## LACONADA COA COMISIÓN DE FESTEXOS DE SAN PEDRO DE SARANDÓN

- O domingo 30 de marzo

Lembra que debes recoller o teu ticket antes do 23 de marzo en calquera dos seguintes teléfonos: 609875650 / 608891720 / 645655005 / 668469363.

**LACONADA**

DOMINGO 30 DE MARZO (14:00 H.)

LOCAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS - SAN PEDRO DE SARANDÓN

Xantar co seguinte menú:

- Bolo preñado
- Lacón con grelos
- chourizos
- Panceta
- Costela
- Orella
- Morros
- Filloas
- sobremesas

Pan, viño, auga e refrescos  
Café e chupitos

**PREZO: 30€**

NENOS/AS ATA 10 ANOS GRATIS

DATA LÍMITE PARA RECOLLIDA DE TICKETS ATA O 23/03/2025

VENTA DE TICKETS NOS SEGUENTES TELÉFONOS:  
609875650 / 608891720 / 645655005 / 668469363

Organiza: Asociación de Festexos A Concepción

# Iniciativas das Asociacións

## EN ABRIL! XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO con motivo da XLIII Exaltación do Viño da Ulla – 2025

■ Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra

**Mércores 2 de abril ás 20:00 h.**

**Conferencia:** Proxecto FERVIÑA. Influencia da fertilidade do viñedo nos rendementos e o equilibrio dos mostos nas Rías Baixas.

Intervén: Juan Carlos Vázquez Abal.

(Técnico da Estación Experimental de viticultura e Enoloxía de Ribadumia. AGACAL-EVEGA)

**Xoves 3 de abril ás 17:00 h.**

**Saída de campo:** Visita á Adega Paco&Lola.

Coñecemento do seu proxecto vitivinícola.

**Venres 4 de abril ás 20:00 h.**

**Harmonía: viño e tapas.** Cata comentada.

Interven: Nuria Cid (Profesora de enoloxía do Centro Superior de Hostalería de Galicia).

José Manuel Mallón (Chef galaradoado co 1º premio no concurso San Sebastián Gastronomik - coa súa sopa de pescado, e Embaixador de Experiencias de Calidade de Galicia).

Acto de clausura e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Máis información e inscricións: 981 814 691 – 619 309 958 – Prazas limitadas.

Máis información e inscricións: 981 814 691 ou 619 309 958 - Prazas limitadas

## Parabéns

### Á ESCOLA JUDO CLUB

■ Polo seu Premio Supera Impulso Rural, na quinta edición dos Premios Iberdrola Supera. Un logro acadado pola súa contribución ao desenvolvemento do deporte feminino en igualdade e no rural! Con moit@s judoc@s de Vedra nas súas filas, trátase dun exemplo a seguir que grazas a este incentivo seguirá a medrar!! **Noraboa polo traballo ben feito!**



### A PABLO GARCÍA GÓMEZ

■ O veciño de Ponte Ulla que completou o "UNIRAID 2025", un percorrido polo deserto, seguindo as antigas rutas do "París-Dakar" cunha finalidade solidaria. Unha fazaña que contou coa colaboración de Grupo Ulla; FerroGlobe; Talleres Gamallo e o Concello de Vedra.



### A HUGO DOMÍNGUEZ CONDE

■ O vedrés que conseguiu o terceiro posto na Olimpíada Informática Galega.



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!  
**SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS**